



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano Bloque
3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO ORATORIO DA SANTA CRUZ EN SAN BREIXO.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou co Concello de Palas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras obxecto do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o concello de Palas de Rei para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de restauración e acondicionamento do oratorio da Santa Cruz en San Breixo.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia. O artigo 4º da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, defender, realizar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural que radiquen no seu termo municipal.

O oratorio da Santa Cruz, situado na parroquia de San Breixo no concello de Palas de Rei, ao sur do Camiño de Santiago, está protexido polo seu valor cultural. O paso dos anos e posiblemente tamén a diminución das celebracións relixiosas, levaron a unha falta de mantemento desta pequena construción, que ao atoparse totalmente aberta ao exterior propicia a aparición de humidades en revocos e cuberta e a presenza de vexetación que empeza a estenderse polos muros e polo pavimento

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que as obras de restauración e acondicionamento no oratorio de Santa Cruz, van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, esta intervención está incluída no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro da medida *Conservación dos bens do patrimonio cultural emerxentes* do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

